XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Avaliación de diagnóstico
2.º curso de educación secundaria obrigatoria
Curso 2023-2024

Caderno

Espazo para pegar
a etiqueta identificadora do/a alumno/a
pola persoa que aplica a proba

Competencia en comunicación lingüística
Lingua Galega e Literatura

Instrucións

Nesta proba vas escoitar e ler unha serie de textos sobre os que terás que responder algunhas preguntas. Pon moita atención.

Algunhas preguntas terán **catro posibles respostas**, pero **só unha** é correcta, EXCEPTO cando se indica o contrario. Rodea a letra que se atopa xunto a ela. Fíxate no exemplo:

Exemplo 1

Cantos días ten a semana?

a) 6 días.
b) 7 días.
c) 8 días.
d) 9 días.

Se te equivocas ou decides cambiar a túa resposta, risca cunha aspa (X) a túa primeira escolla e rodea a resposta que consideras correcta.

Exemplo 2

Cantos días ten a semana?

a) 6 días.
b) 7 días.
c) 8 días.
~~d)~~ 9 días.

Ás veces, terás que **poñer unha aspa** (X) no recadro correspondente.

Exemplo 3

Marca cunha aspa (X) se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

	Verdadeira	Falsa
Unha semana ten 7 días.	X	
Unha semana ten 8 días.		X

Noutras actividades pediráseche que **escribas** unha resposta ou un texto nun espazo sinalado.

Exemplo 4

Continúa a historia que acabas de ler e dálle un final.

Tes **70 minutos** para facer a proba.

Debes utilizar un bolígrafo de tinta azul ou negra non borrable.

Le cada pregunta atentamente e non contestes antes de ler todas as opcións.

Se non sabes contestar algunha pregunta, non perdas o tempo e pasa á seguinte.

Intenta completar toda a proba.

Nas tarefas de redacción, emprega o espazo preparado para elas.

Se ao rematar che sobra tempo, podes volver atrás.

Avisarante dúas veces: cando falten 30 minutos e cando falten 10 minutos.

Temporizador (bit.ly/3OQbF3w). Resto de iconas: Flaticon.com

Tranquilo/a, vas facelo moi ben!

Escoita dúas veces o seguinte audio e responde.

O roubo do século!

X. Melchor, C. Franco, M. Cheda, J. M. Pan. "O Códice Calixtino aparece...". *La Voz de Galicia*. (https://bit.ly/4c4CECw) (Adapt.)

P.1. En que lugar apareceu o Códice Calixtino, un ano despois de ser roubado?

a) Nunhas dependencias da Garda Civil.

b) Na caixa forte da Catedral de Santiago de Compostela.

c) Nun garaxe do Milladoiro, envolto nunha bolsa de plástico.

d) Disperso por domicilios, garaxes e rochos de Santiago, O Milladoiro, Negreira...

P.2. Avanzada a noticia, comentan que "a xoia deixou de estar no seu lugar". Por que razón lle chaman "xoia" ao Códice?

a) Porque o Códice servía de adorno.

b) Porque o Códice ten un gran valor.

c) Porque o volume é de ouro ou de prata.

d) Porque nas súas capas hai metais preciosos.

P.3. Por que a policía sentiu euforia e alegría ao ver o manuscrito?

a) Porque o Códice non fora vendido nin destruído.

b) Porque o Códice aparecera nun garaxe ben próximo.

c) Porque o Códice fora roubado polo principal sospeitoso.

d) Porque o Códice aparecera xunto a outros obxectos de valor.

P.4. Para que o texto non resulte repetitivo, o nome "Códice Calixtino" cámbiase por distintas expresións referidas a el. Cal das seguintes frases <u>NON</u> substitúe o termo "Códice Calixtino"?

a) O famoso libro.

b) O valioso manuscrito.

c) Un dos *Libros das horas*.

d) Liber Sancti Iacobi compostelán.

P.5. O audio que acabas de escoitar presenta a estrutura dunha noticia xornalística, cal é?

a) Tese, antítese e síntese.

b) Tema, desenvolvemento e conclusión.

c) Introdución, nó e desenlace.

d) Titular, entrada e corpo.

P.6. Ademais de transmitir feitos obxectivos, esta noticia recolle algúns datos sen contrastar ou hipóteses que finalmente demostraron estar equivocadas. Unha das seguintes informacións resultou ser falsa: cal?

a) O motivo do roubo foi a vinganza.

b) O principal sospeitoso foi quen cometeu o delito.

c) O roubo foi realizado por encargo dun coleccionista de códices.

d) Cando desapareceu, o Códice estaba na súa caixa forte, coas chaves na pechadura.

P.7. A noticia inclúe o seguinte fragmento: "cando o viron <u>perante os seus ollos</u>, entre os axentes e o propio xuíz instrutor producíronse escenas de auténtica euforia e alegría". Por que se emprega a expresión subliñada se non é imprescindible para a compresión do texto?

a) Dáse a entender que os axentes e o xuíz nunca chegaron a ver o Códice.

b) Búscase unha maior expresividade, unha maior énfase, para destacar a emoción de encontrar e ver o Códice.

c) Indícase que os axentes e o xuíz non estaban seguros de que o exemplar que tiñan diante dos seus ollos era o Códice.

d) Preténdese insistir en que os axentes e o xuíz viron o Códice porque só eles podían demostrar a súa autenticidade.

P.8. Como sabes, debemos ser capaces de distinguir a veracidade ou falsidade das noticias que nos rodean. Sinala se os seguintes elementos son claros indicadores de que a información que se ofrece é veraz poñendo unha aspa (X):

	V	F
a) Ofrece datos obxectivos, que poden ser comprobados por outras persoas: a Brigada de Patrimonio da Policía Nacional fixo onte as primeiras detencións.		
b) Insiste nos sentimentos das persoas implicadas no suceso: déronse escenas de auténtica euforia e alegría.		
c) Trátase dunha noticia publicada nun xornal ou emitida na radio, polo que, necesariamente, é verdade.		
d) No texto predomina a subxectividade, a visión persoal de quen o escribiu, o que nos indica que se trata dunha información fiable.		

Non pases a páxina ata que se indique!

A partir de agora xestionas ti o tempo. Le atentamente e responde.

Pero... que é o Códice Calixtino?

O roubo do Códice Calixtino creou unha grande expectación e foi noticia a nivel mundial. Pero... que é o Códice Calixtino e por que é tan importante?

Flickr, CC-BY-2.0 (https://bit.ly/3St5YLv)

O Códice é unha compilación de máis de douscentos pergamiños, divididos en cinco libros e dous anexos. Data do século XII, xa que se realizou baixo o papado de Calixto II, de quen toma o seu nome. A súa autoría tense atribuído por enteiro a Aymeric Picaud, sacerdote francés do S. XII, aínda que hoxe este dato é cuestionado.

O corpo principal do texto estrutúrase en cinco partes ou cinco libros, cada un trata unha temática diferente:

O **Libro I** é o máis extenso, recolle os textos relixiosos na honra do apóstolo; o máis famoso é o sermón *Veneranda dies*, onde se ofrecen moitas noticias sobre o significado da peregrinación na Idade Media.

O **Libro II**, coñecido como o *Libro dos Milagres*, recompila os 22 milagres máis famosos de Santiago, acontecidos no Camiño de peregrinación, no mar e noutras terras afastadas.

O **Libro III** está dedicado á translación do corpo de Santiago desde Xerusalén ata Galicia. Relata a viaxe en barco dos restos do apóstolo despois da súa morte.

O **Libro IV** trátase dun texto literario que relata, entre outras, o descubrimento da tumba de Santiago e a construción da cidade.

O **Libro V** é o máis coñecido porque describe os camiños de Santiago en Francia e en España, a ruta de peregrinación creada entre os séculos X e XII para chegar a Compostela. O texto dá abundantes noticias dos santuarios, vilas, xentes, comidas e diversos perigos aos que se enfronta o peregrino; ofrece consellos sobre lugares onde pasar a noite, onde comer, precaucións que se deben tomar... e describe tamén os espazos da Compostela do século XII e a súa catedral románica.

O Códice é o manuscrito máis importante da ruta xacobea, xa que é unha das máis antigas e mellor documentadas fontes de información sobre o Camiño de Santiago e as peregrinacións a Compostela.

Posúe valor histórico e tamén literario, dado que achega descricións de gran realismo e de enorme altura lírica. Ademais do texto, son tamén importantes as súas ilustracións.

O profesor Juan Monterroso, que foi decano da Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela, afirma que se trata dunha obra equivalente ó Pórtico da Gloria ou ás Cantigas de Santa María.

Por todo isto, atribúeselle un valor incalculable. Pero o valor pódese entender desde varias perspectivas. Así, o experto Manuel Moleiro asegurou que o prezo do Códice Calixtino podería alcanzar os 100 millóns de euros. Moleiro recordou a venda doutras pezas, por exemplo, a primeira edición das traxedias de Shakespeare, que acadou os 16 millóns.

"En moitos deses casos de poxas millonarias falamos dunha primeira edición, pero aquí estamos falando dunha única edición", indicou Moleiro, que engadiu que esta particularidade (ser o único exemplar) unida á súa antigüidade e á boa conservación, elevaría o seu prezo.

O Códice Calixtino. O Camiño de Santiago. Xunta de Galicia. (https://bit.ly/3O5eNZ8) (Adaptación)

P.9. Tras leres o texto con atención e á vista das seguintes imaxes, cal se corresponde cun códice coma o que nos ocupa?

a)

Óscar Corral, Fundación da Cidade da Cultura (https://bit.ly/3tSw3dl)

b)

Wikipedia, PD-Art (PD-old-70) (https://bit.ly/3SVHomn)

c)

Wikipedia, CC-PD-Mark (https://bit.ly/3Hj7EAu)

d)



Portal das palabras (https://bit.ly/3T6zZB7)

P.10. Como puideches ler, o Códice estrutúrase en cinco partes ou libros. Sinala en cal dos libros poderían situarse os seguintes fragmentos:

> "No ano 1106 a un cabaleiro en terras de Apulia, Italia, inchoulle a gorxa coma un odre cheo de aire. Como non atopou en ningún médico remedio que o sandase, confiou no apóstolo Santiago, tocou cunha cuncha de peregrino a súa gorxa enferma e logrou remedio de inmediato."

Resposta: _____

> "Despois da fonte está o adro ou paraíso, pavimentado de pedra, onde se venden aos peregrinos as típicas cunchas, ou sexa, emblemas de Santiago, e hai botas de viño, zapatos, mochilas de pel de cervo, bolsas, correas, cintos e toda sorte de herbas medicinais e demais especias, e outras moitas cousas."

Resposta: _____

P.11. Vés de ler un texto informativo. Cal das seguintes características NON é propia deste tipo de textos?

a) Transmite información de forma clara e estruturada.
b) Hai un narrador e uns personaxes.
c) Presenta datos históricos e exemplificacións, pode conter imaxes.
d) Está escrito para un público non especializado, cunha linguaxe formal.

P.12. Cal era a intención do autor/a deste texto ao incorporar as opinións de Juan Monterroso e Manuel Moleiro?

a) Destacar que o valor do Códice é, sobre todo, monetario.
b) Provocar un debate sobre cal é o verdadeiro valor do Códice.
c) Ofrecer dúas visións opostas, contrarias, sobre o valor do Códice.
d) Ofrecer dúas visións distintas e complementarias que inciden no valor do Códice.

P.13. Que significa que a autoría do Códice está "cuestionada"?

a) O verdadeiro autor era o papa Calixto, cando aínda era sacerdote.
b) Durante un tempo pensouse que Aymeric Picaud era o autor, pero hoxe sábese que non existiu.
c) Durante un tempo pensouse que Aymeric Picaud era o autor, pero hoxe dubídase dese dato.
d) O seu autor tiña gran prestixio na Idade Media, pero agora xa non está ben considerado.

P.14. Juan Monterroso e Manuel Moleiro presentan varios argumentos arredor do valor do Códice. Indica cal das seguintes afirmacións podería relacionarse cos argumentos de cada un, cos dos dous ou cos de ningún deles:

	J. Monterroso	M. Moleiro	Ambos	Ningún
Compara o valor do Códice co doutras obras relevantes.				
Compara o valor do Códice co valor económico doutras obras.				
Compara o valor do Códice co valor artístico doutras obras.				
Defende a súa postura atacando e cuestionando os argumentos do outro.				

Perigo na Catedral

Antes de regresar decidín inspeccionar a zona e axiña dei coa igrexa de Santiago [que hai en Carrión de los Condes]. Non sei que forza me impulsou a deter a ollada naquela magnífica fachada e en especial na impoñente imaxe central, e rin. Parecéuseme a Xesús, o meu profesor de Ciencias, cando, co libro nunha man e as pálpebras choídas, se pon a disertar sobre as marabillas da natureza coma se estas fosen obra súa. E rin aínda máis ao lembrar os seus comentarios: "se temos sensibilidade escoitaremos a linguaxe das pedras, penetraremos na súa alma".

En todo caso aquela imaxe parecía terse durmido mentres lía ou quizais meditase... E mesmo, co frío que comezaba a azoutar de novo, non me estrañou que quedase tesa, convertida en pedra, malia os refaixos que a protexían. Pero non foron as mordedelas das baixas temperaturas trabándome nas orellas as que me fixeron estremecer de súpeto, non. Aquel libro de pedra caeu precipitándose ata o chan sen que, presuntamente, lle tocase ninguén.

— Eh!! —berrei case sen voz.

Unha inmensa poeira desatouse ao seu redor. Boteime, espontáneo, cara atrás coa intención de fuxir; non me foran culpar de semellante desfeita. Pero antes de lle dar tempo aos meus reflexos a reaccionar, apousentou a nube de po e foi daquela que puiden comprobar a transformación: o libro que había no chan tiña unhas tapas de coiro e aparecía cunha cinta arredor, tamén en coiro, que o mantiña cerrado. Foi cousa de milésimas de segundo, mirei ao frontispicio e ao tellado, case simultáneo, por ver se aquela imaxe seguía a ter o libro na man ou se alguén tirara o devandito exemplar dende máis arriba. De certo, aquela man xa non suxeitaba sobre o xeonllo o libro de pedra como eu estaba seguro de que así era. Achegueime vagariño e, sen deixar de mirar en todas as direccións, collino, oculteino dentro do anorak e corrín ao refuxio.

Fina Casalderrey, "Perigo na Catedral" en *Postais do Camiño*. Galaxia.

P.15. Dos seguintes enunciados do texto, sinala os DOUS que conteñen a información máis relevante:

a) "Parecéuseme a Xesús, o meu profesor de Ciencias."
b) "Non me estrañou que quedase tesa, convertida en pedra."
c) "Aquela man xa non suxeitaba sobre o xeonllo o libro de pedra."
d) "Aquel libro de pedra caeu precipitándose ata o chan sen que, presuntamente, lle tocase ninguén."

P.16. Ao longo da historia, déronse distintas formas de relación entre as artes plásticas e a literatura: hai cadros que se inspiran en obras literarias, poemas que se inspiran en esculturas, etc. Prestando atención á primeira parte do texto (especialmente ás seguintes liñas), cal é a imaxe que mellor ilustraría a visión do protagonista?

> "En todo caso aquela imaxe parecía terse durmido mentres lía ou quizais meditase...
> E mesmo, co frío que comezaba a azoutar de novo, non me estrañou que quedase tesa, convertida en pedra, malia os refaixos que a protexían."

a)



CC-BY-SA-3.0 (https://bit.ly/3UDad8E)

b)

PD-Art (PD-old-70) (https://bit.ly/3HhGSc3)

c)

(https://bit.ly/3tR6NnL)

d)

Antonio Herrera (https://bit.ly/3U26Mbb)

P.17. Sinala cal é o tema do texto:

a) A curiosa caída e transformación dun libro de pedra.
b) A exemplificación do extremo frío de Castela.
c) A curiosa caída dunha parte da bóveda da Catedral.
d) As impresións artísticas do personaxe protagonista.

P.18. Marca TRES trazos que se corresponden co xénero ao que pertence este texto literario:

a) Está escrito en prosa, non en verso.
b) Pretende defender unha opinión ou convencer a quen le dunha idea.
c) Aparece un narrador en primeira persoa, que é a voz que conta a historia.
d) Normalmente, divídese en actos e contén monólogos, diálogos e acotacións.
e) Localízase nun espazo e tempo concretos, e os sucesos constitúen o argumento.

P.19. Mentres contempla a fachada, o protagonista acórdase de Xesús, o seu profesor de Ciencias. A continuación, as palabras de Xesús aparecen entre comiñas: por que se usa, nese caso, este signo ortográfico?

a) Para delimitar claramente un recordo.
b) Porque se trata do título completo dun discurso ou exposición.
c) Porque se quere chamar a atención sobre ese pensamento tan curioso.
d) Para marcar que o texto se toma, palabra por palabra, dunha persoa ou fonte.

P.20. As palabras exactas do profesor foron: "se temos sensibilidade escoitaremos a linguaxe das pedras, penetraremos na súa alma". Que función desempeñan no contido xeral do texto?

a) Pretende insinuar que o profesor é quen está detrás da caída do libro da fachada.
b) É un elemento premonitorio, xa que, despois, parece que a imaxe da fachada cobra vida.
c) Trata de xustificar o feito de que será este profesor a persoa escollida para contarlle no futuro o que aconteceu.
d) É un recurso da autora no que presenta unha situación cómica para logo potenciar o misterio da seguinte escena.

Un misterio debaixo do brazo

P.21. Non é xusto! O fragmento de *Perigo na Catedral* que acabas de ler remata cun "final en suspenso", unha técnica narrativa moi usada nas series, na banda deseñada e mesmo nos videoxogos. Queremos saber como continúa a historia, pero non temos aquí o libro.

Elabora ti a continuación da historia, comezando na última oración do fragmento.

Imaxina: *É posible que alguén vise a David coller o libro? Conseguirá ocultalo debidamente, unha vez chegue ao refuxio? Ou, sendo un obxecto capaz de transformarse, o enigmático libro volverá mutar?*

- Escribe un mínimo de **100 palabras**.
- Non lle deberías dedicar máis de **15 minutos** a esta tarefa.
- Coida a túa **ortografía** e **presentación.**

Achegueime vagariño e, sen deixar de mirar en todas as direccións, collino, oculteino dentro do anorak e corrín ao refuxio.

Fonte: Canva

@ondeviveomisterio

P.22. Entre as canles de Youtube que máis che gustan, está a dunha muller que conta sucesos misteriosos, roubos de película e historias impactantes. Quedaches sorprendido coa desaparición do Códice Calixtino e decides enviarlle un correo, para que ela considere facer un futuro vídeo.

Redacta un correo formal presentándote, **informándoa** do caso e **dándolle algunha pista** sobre os aspectos máis curiosos.

- Non a coñeces, por iso vas empregar unha **linguaxe formal**... pero queres espertar a súa curiosidade!

- Debes escribir unhas **75 palabras** e respectar a **estrutura** do correo: saúdo, corpo do correo, despedida, sinatura e posdata (opcional).

- Non lle deberías dedicar máis de **10 minutos** a esta tarefa.

- Coida a túa **ortografía** e **presentación**.

Fonte: Canva

Moitas grazas polo teu esforzo!